

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 7 DE XULLO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de xullo de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Anxo Collarte Pérez Don Francisco Xabier Carreira Sebío, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta de xuño do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

1º.- CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **Dona Maria de los Ángeles Alonso Ríos**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso, nº15, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa Salgado Moscoso nº15, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2º.- ACOMETIDAS DE AUGA.

“Visto o escrito presentado por **Don Ivan Reinaldo Vallejo**, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente nº1, 1ºD, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga,

artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Dona Purificación Martínez Campos**, con domicilio na Ctra. Francelos nº32, 2ºB, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Dona Beatriz Rodríguez Sabaris**, con domicilio na rúa Carballiño nº60, 2º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Camilo Alberto Prol Conde**, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente nº1, 2ºE, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Dona Maria Vidal Fidalgo**, con domicilio na Crta. Francelos nº34, 3ºB, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Dona Rebeca García Meiriño**, con domicilio na rúa Ramón Otero Pedrayo nº 17, 2º izq., Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **Don Francisco Ramón Álvarez Gómez** con domicilio na Crta. Francelos nº34, 1ºC, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **Don Juan Carlos Fernández Fernández** con domicilio na Crta. Francelos nº34, 1ºA, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Proposta de resolución do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural con data de 30.06.08 e co número de rexistro de entrada 3964, relativo a “DETERMINACIÓN DEL CANON DE CONTROL DE VERTIDOS COMPLEMENTARIO” por importe de 71,14 euros.

2º.- Escrito do Ministerio de Ecomonia y Hacienda con data de 02.07.08 e co número de rexistro de entrada 4026, mediante a que se comunica o Concello: *“El día de la fecha arriba indicada, ha tenido entrada en esta Gerencia el recurso de reposición interpuesto por D/Dña ESCUDERO RODRIGUEZ JOSE con NIF 34419986A en el que se manifiesta error en la superficie y configuración de las parcelas de referencias catastrales 1033502*

NG7813S y 0933603 NG7813S, y alega que el camino que figura como público en nuestra cartografía es una sevidumbre de paso de las fincas de su propiedad.”

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/08.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6 /08, por importe de 6.880,46 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de Recuperacion do Casco Histórico de Ribadavia Infraestructuras Xerais rúa Salgado Moscoso redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo con un presuposto de execucion material de 278.055.36 €e cun total de presuposto de execucion de contrata de 383.827.62 €

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo de data 2 de xuño do 2008 e realizada polo Técnico Redactor Don Casimiro Fontenla Bugallo.

2º- Informe da Arquitecta Municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 18.06.08 no que se conclúe informando favorablemente ó proxecto *sen perxuizo de que se envíe a Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia os efectos do informe previo.*

3º-Fax da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia de data 03.07.08 no que se fan as seguintes consideracións:

Informar favorablemente tendo que cumprir as seguintes cautelas:

Dende o punto de vista arquitectónico:

- **A colocación dos pavimentos deberá executarse con xunta refundida.**
- **Eliminaranse as xardineiras e os bolardos propostos por non ser elementos tradicionais dun conxunto histórico, e que a maiores supoñen atrancos para o uso peonil que é precisamente o que se trata de potenciar.**

Dende o punto de vista arqueolóxico:

- **A realización do control arqueolóxico proposto polo concello, e que xa está autorizado.**
- **Calquera incidencia ou modificación que se produza durante a execución das obras deberá ser informada aos servizos técnicos da delegación da Consellería de Cultura e Deporte de Ourense por si se estimase a necesidade de realizar actuacións arqueolóxicas complementarias das propostas. De aparecer estruturas arqueolóxicas de interese, susceptibles de ser conservadas *in situ* podería ser necesario modificar a situación ou a profundidade dos servizos soterrados previstos.**

4º.- O tratarse dun contrato menor non consta informe xuridico non obstante para sucesibas contratacións a de terse en conta previsto no informe xuridico relativo a aprobación do expediente de contratación da mesma obra de data 02.07.08 no que se fai a seguinte consideración:

De conformidade co artigo 107 da Lei de Contratos, no expediente consta a correspondente aprobación do proxecto, ao que se incorpora a correspondente acta de replanteo de data 02-06-08 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución. Non obstante, se omite o procedemento previsto para a contratación do proxecto, que debería de realizarse seguindo os trámites dos artigos 93 e 122.3 da L.C.S.P., a traveso dun contrato de servizos.

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado con publicidade de Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia, Rúa Salgado Moscoso.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Proxecto de data Setembro do 2007 denominado Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia, Infraestructuras Xerais elaborado polo Enxeñeiro Industrial Don Casimiro Fontenla Bugallo.

2º- Proposta de alcaldía de data 02.07.08 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007:

<Don Marcos Blanco Jorge, Alcalde do Excmo. Concello de Ribadavia propón a Xunta de Goberno Local a contratación da obra “Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia, Infraestructuras Xerais”, motivada de conformidade co art. 22 da Lei 30/2007 na necesidade da instalación soterrada de tódolos servizos urbanos de conformidade co Plan Especial do Casco Histórico de Ribadavia (art. 3.8 que establece que a implantación das novas infraestructuras de auga e saneamento deberán aproveitarse para a urbanización integral de forma sucesiva das rúas do casco, facendo fincapé na subterraneización das redes de electricidade e teléfonos en cumprimento do establecido na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia).

Respecto da precisión das obras aparecen detalladas no apartado 7 da memoria do Proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Casimiro Fontenla Bugallo de data Setembro de 2007, comprendendo entre outras demolición, limpeza e movemento de pedras, cantería, instalación de abastecemento, instalación de saneamento, instalacións de media tensión e baixa tensión, instalacións de telefonía e telecomunicación ...etc.>

3º- Acta de replanteo de data 2 de xuño do 2008 e realizada polo Técnico Redactor Don Casimiro Fontenla Bugallo.

4º- Informe da Arquitecta Municipal Dona Mercedes Álvarez López de data 18.06.08 no que se conclúe informando favorablemente ó proxecto **sen perxuízo de que se envíe a Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia os efectos do informe previo.**

5º- Fax da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia de data 03.07.08 no que se fan as seguintes consideracións:

Informar **favorablemente** tendo que cumprir as seguintes cautelas:

Dende o punto de vista arquitectónico:

- **A colocación dos pavimentos deberá executarse con xunta refundida.**
- **Eliminaranse as xardineiras e os bolardos propostos por non ser elementos tradicionais dun conxunto histórico, e que a maiores supoñen atrancos para o uso peonil que é precisamente o que se trata de potenciar.**

Dende o punto de vista arqueolóxico:

- **A realización do control arqueolóxico proposto polo concello, e que xa está autorizado.**
- **Calquera incidencia ou modificación que se produza durante a execución das obras deberá ser informada aos servizos técnicos da delegación da Consellería de Cultura e Deporte de Ourense por si se estimase a necesidade de realizar actuacións arqueolóxicas complementarias das propostas. De aparecer estruturas arqueolóxicas de interese, susceptibles de ser conservadas *in situ* podería ser necesario modificar a situación ou a profundidade dos servizos soterrados previstos.**

6º- Informe de Secretaría de data 02.07.08 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª. De conformidade co artigo 107 da Lei de Contratos, no expediente consta a correspondente aprobación do proxecto, ao que se incorpora a correspondente acta de replanteo de data 02-06-08 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución. Non obstante, se omite o procedemento previsto para a contratación do proxecto, que debería de realizarse seguindo os trámites dos artigos 93 e 122.3 da L.C.S.P., a traveso dun contrato de servizos.

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á publicación no BOP e no DOG de conformidade cos artigos 126 en relación co artigo 161 paragrafo 1º, puidendo ser substituída a mesma pola publicación no perfil do contratante. Da dicción literal do art. 126 paragrafo 1º podería entenderse que bastaría coa publicación no BOP, non obstante a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia considera que a publicación é preceptiva tanto no BOP como no DOGA.

6ª. De conformidade co art. 295 paragrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación.

7ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxecto de publicación

CONCLUSIÓNS.-

Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación. Non obstante, non consta no procedemento de contratación a existencia dun contrato previo de servizos, o cal deberá terse en conta para sucesivas ocasións.

7º- Informe de intervención no que se fan as seguintes consideracións:

“- En consecuencia, el crédito presupuestario disponible, suficiente y adecuado para hacer frente al gasto propuesto debe quedar ajustado y limitado a 383.827,62 euros, distribuido en las anualidades indicadas en los estados de gasto e ingresos mencionados anteriormente, por lo que para la anualidad del presente ejercicio, el crédito disponible será de 169.191,38 euros, financiado a cargo de la aplicación presupuestaria 432.623.00 y expediente de generación de créditos con cargo a compromisos firmes de otras administraciones (Conselleria de Vivenda).

- En consecuencia con el carácter plurianual de la inversión y los compromisos de gasto para ejercicios futuros, la Corporación deberá asumir el compromiso de incluir en los Presupuestos de los ejercicios 2009 los importes correspondientes a la anualidad prevista, salvo que se anticipase la financiación prevista, en cuyo caso se incorporaría al Presupuesto del año correspondiente mediante la oportuna modificación presupuestaria y reajuste de anualidades.

- En conclusión a lo expuesto, y considerando que el expediente cumple con lo establecido con la normativa vigente, informo favorablemente la autorización de gasto plurianual, debiendo realizarse, si procede, la correspondiente retención de créditos.”

8º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 04.07.08.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar un gasto por importe de 169.191,38 €

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante anuncios no BOP e no DOG

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2008.-

Dase conta da proposta de Don Anxo Collarte Pérez como Concelleiro de Cultura e Deportes do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

Consta informe de Intervención de data 07.07.08 no que se fan as seguintes consideracións:

“Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2008 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 226.226.07 452, existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto del expediente.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación presupuestaria suficiente en el presupuesto municipal vigente.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación

do gasto que se describe: COMPAÑIA CAMUT BAND o día 19 de xullo, por importe de 10.500 máis 1.680 de I.V.E.; UROC TEATRO, o día 21 de xullo, por importe de 4.662,93 euros máis 746,07 euros de I.V.E.; FAMILIE FLÖZ, ó día 22 de xullo, por importe de 12.408 euros.; TEATRO MERIDIONAL, ó día 23 de xullo, por importe de 6.000 euros máis 960 euros de I.V.E.; TEATRO DE NINGURES, ó día 24 de xullo, por importe de 3.275,86 euros máis 524,14 euros de I.V.E.; LAGARTA LAGARTA, ó día 26 de xullo, por importe de 2.900 euros máis 464 de I.V.E.; OS CONTAINERS, ó día 20 de xullo, por importe de 1.000 euros; NUT TEATRO, ó día 21 de xullo, por importe de 1.723,14 euros máis 275,86 euros de I.V.E.; TEATRO EN EL AIRE, días 23, 24 e 25 de xullo, por importe de 12.500 euros máis 2.000 de I.V.E.; ARTELLO TEATRO ALLA SCALA, ó día 21 de xullo, por importe de 1.293,10 euros máis 206,90 de I.V.E.; CACHIVACHE, ó día 24 de xullo, por importe de 3.000 euros máis 480 euros de I.V.E.; GALITON, ó día 25 de xullo, por importe de 1.800 euros máis 288 euros de I.V.E.; FAFA, ó día 19 de xullo, por importe de 3.450 euros máis 552 euros de I.V.E.; ZAHIR CIRCO, ó día 20 de xullo, por importe de 3.100 euros máis 496 euros de I.V.E.; CIVI CIVIAC, ó día 23 de xullo, por importe de 4.650 euros máis 744 euros de I.V.E.; K DE CALLE, ó día 25 de xullo, por importe de 6.584 euros; MARCO GONZALEZ, ó día 24 de xullo, por importe de 2.500 euros máis 175 de I.V.E.; CACHIRULO, os días 21, 22, 23, e 24 de xullo, por importe de 2.637,93 euros máis 422,07 euros de I.V.E.; ORGANIK, ó día 27 de xullo, por importe de 5.200 euros máis 832 euros de I.V.E.”.

CONTRATO CAMPAMENTO AVENTURA NO RIBEIRO 2008.

Dase conta a Xunta de Goberno Local da proposta presentada por Don Anxo Collarte Perez Concelleiro de Cultura e Deporte, en relacion co Parque Vivo Campamento Aventura no Ribeiro 2008, que inclúe os honorarios dos monitores, comidas, actividades varias, material,etc..., por un total de 3.000 € como consta no presuposto adxuntado no expediente.

Consta informe de Intervencion no que se fan as seguintes consideracións:

“Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2008 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 226.226.07 463. 452, existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto del expediente (3.000 euros).

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación presupuestaria suficiente en el presupuesto municipal vigente”.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º.- Adxudicar a Asociación Xaraiba a execucion do Contrato Parque Vivo campamento Aventura no Ribeiro 2008 aprobando un gasto por importe de 3.000 euros.

BASES PARA PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE OPERARIO DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS POLO SISTEMA DE CONCURSO.

Dase conta por parte Secretario da proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deporte o Sr. Anxo Collarte, relativa a contratación de unha praza de operario de instalacións deportivas mediante contrato laboral temporal a través do sistema de concurso.

I. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS A CUBRIR E SISTEMA SELECTIVO ELIXIDO.

1. Convócanse procedemento para cubrir unha praza pertencentes á categoría de Operario (Operario de instalacións deportivas) mediante contrato laboral temporal a través do sistema de acceso de concurso.

2. A adxudicación da praza ao aspirante aprobado efectuarase de acordo coa cualificación final obtida por este, de conformidade co disposto na Base 6ª.

3. Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, **RDL** 781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989.

II. CONDICIÓN E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR OS/ÁS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas, os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, de conformidade co previsto pola Lei 17/93, do 23 de decembro, e Real Decreto 543/2001, do 18 de maio, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea.
- b) Ter cumprimentos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión do certificado de haber superado a ensinanza secundaria obligatoria, título de graduado escolar ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.
- e) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- f) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

III. INSTANCIAS E DOCUMENTOS A PRESENTAR.

1. Os aspirantes deberán presentar instancia, na forma prevista no artigo 70 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento

Administrativo Común, na que soliciten participar nas probas selectivas e manifesten que cumpren todas e cada unha das condicións xerais de capacidade esixidas na base 2 desta convocatoria, exceptuando as recollidas nos puntos d), e) e f), que haberán de acreditarse posteriormente.

Os documentos que han de achegarse para acreditar que se cumpren as condicións indicadas na base 2 (apartados a, b e c) son os seguintes:

a) Documento Nacional de Identidade ou documento de identificación do país comunitario correspondente.

b) Título esixido ou resguardo de aboar os dereitos pola súa expedición.

Á instancia haberán de achegarse as certificacións e documentos xustificativos dos méritos alegados polos interesados. A documentación deberá presentarse en fotocopia compulsada. Non serán tidos en conta os méritos que non estean xustificados polo documento correspondente ou fotocopia compulsada do mesmo presentado dentro do prazo de admisión de instancias.

2. A presentación de instancias poderá efectuarse no Rexistro do Concello de Ribadavia ou en calquera das formas que prevén o artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia.

3. O prazo de presentación das instancias será de 5 días naturais, que comezará a contar dende o día seguinte á publicación do extracto das bases da convocatoria en dous diarios de maior difusión da provincia.

4. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa instancia. O domicilio que figura na solicitude, ou no seu caso que se sinala para tal efecto, considérase o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante, tanto os erros na súa consignación como a non comunicación de calquera cambio de domicilio.

5. Os aspirantes que non presenten a súa instancia no Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia, haberán de anunciar a presentación da instancia de participación nas probas selectivas mediante copia desta e do resguardo de aboar os dereitos de exame por fax enviado o mesmo día da súa presentación no rexistro administrativo ou Oficina de Correos de que se trate.

6. De conformidade co establecido no art. 71 en relación co art.59.6. b) da citada Lei 30/92 do 26 de novembro, se a instancia non reunise os requisitos esixidos ou non se achegasen os documentos previstos nestas Bases, requirirase os interesados para que, no prazo de 3 días hábiles, presenten reclamación, emenden a falta, ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que se, así non o fixesen teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada en termos previstos no artigo 42.1 da citada Lei.

IV. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia, no prazo máximo de 1 días, ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión, no seu caso, das causas da exclusión e a composición do tribunal que ha de xulgar o proceso selectivo. A devandita Resolución publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e expresará os lugares en que se atopan expostas ao público as listas certificadas completas de aspirantes admitidos e excluídos, sinalando un prazo de un día hábil para a subsanación; así como o lugar en que se publicarán os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo.

2. Transcorrido o devandito prazo, o Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia ditará resolución na que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, resolvendo así mesmo, as reclamacións presentadas fronte á lista provisional. A publicación da devandita Resolución efectuarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia.

3. Contra a exclusión do aspirante poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia e, no seu caso, directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente.

V. TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ás prazas convocadas.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: -Funcionario ou persoal laboral fixo do Concello designado polo Alcalde .

-Funcionario ou persoal laboral fixo designado polo Alcalde, coa mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

-Funcionario ou persoal laboral fixo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal Laboral do Concello.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

No caso que non haxa funcionarios ou persoal laboral fixo no Concello con coñecementos específicos das prazas convocadas, poderá solicitarse o nomeamento de funcionarios/persoal laboral fixo a outros Concellos, Deputación ou Xunta de Galicia.

O Tribunal, sempre que o considere necesario e con carácter excepcional, podera designar asesores con coñecementos específicos relativos as prazas convocadas, sendo as súas funcións de asesoramento o tribunal de valoración e sen dereito a voto.

3 Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 29 da citada Lei 30/92, do 26 de novembro, cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base VI. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

VI. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 9 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1 Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,10 puntos ata un máximo total de 2 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas ou como autónomo na praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,05 puntos ata un máximo total de 1 punto.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

A.2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,40 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 0,80 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,20 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.3. Outros Méritos. Estar en posesión de:

- Por Masters ou Cursos de Postgrao, sempre que se atopen relacionados coas funcións a desenvolver (Urbanismo, Rehabilitación, Restauración, Xestión de Subvencións, ...), impartidos por unha Administración Pública, Universidade ou organismo oficial, ata un máximo de 3 puntos, baremándose do seguinte xeito:

- Master ou cursos de postgrao ata 400 horas: 1 puntos.
- Master ou curso de postgrao de máis de 400 horas: 2 puntos.

- Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,60 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

B.1 Experiencia profesional.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual ou similar contido fóra do ámbito da Administración Pública xustificarse:

No caso de servizos prestados por conta allea, achegando os seguintes documentos:

- * Contrato de traballo ou certificación da empresa correspondente ao período que se alega.
- * Certificado de cotizacións á Seguridade Social.

- No caso de servizos prestados por conta propia, achegando os seguintes documentos:

* Xustificante de pagamento do imposto de actividades económicas de cada un dos anos en que se estivera en situación de alto no mencionado imposto.

* Certificado de cotizacións á Seguridade Social, onde consten período e grupo de cotización, salvo aqueles colectivos profesionais que estean exentos desta cotización, o que deberá acreditarse de forma fidedigna.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificarse:

* Achegando a documentación indicada nos parágrafos precedentes.

* Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Dependencias ás que estean adscritos os devanditos postos.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

- Nos tres apartados do punto 1 do baremo, para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado deberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados no punto A.3 do baremo deberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

3. Entrevista Curricular. O obxecto da entrevista curricular fundamentase na necesidade de definición do perfil do aspirante co requerido para o posto de que se trate e consistirá en preguntas relacionadas coas funcións do posto ofertado. A valoración da entrevista é de 0 a 3 puntos.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.

2.- Parados de longa duración con cargas familiares.

3.- Persoas con discapacidade.

4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.

5.- Solicitante de maior idade.

VII. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal deberá de achegar:

a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo público, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estando ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.

c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.

d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

Os que dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do seu exame se deducise que carecen dalgúns dos requisitos sinalados na base

II, non poderá ser nomeado persoal laboral temporal e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade que, no seu caso, puideren incorrer por falsidade na instancia.

2. O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

VIII. BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece a Lei 30/1992, e 26 da LRJ-PAC.

2. No non previsto nas bases anteriores rexerá por a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

ANEXO 1

Denominación da Praza: Operario de Instalacións Deportivas

Titulación: Graduado Escolar.

ANEXO 1º

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....
provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na rua.....
nº.... piso..... C.Postal.....calidade..... Municipio..... Provincia.....
Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de 1 posto para Arquitecto Oficina Municipal do Casco Histórico de Ribadavia.

D E C L A R O:

1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia,..... de..... 2008.

ANEXO II
DECLARACION RESPONSABLE.

D/a..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa.....
núm..... piso..... C.P..... Localidade.....Municipio.....Provincia.....
Teléfono.....

DECLARO: Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2008".

Ribadavia, 2 de xullo de 2008.

O ALCALDE,

Consta informe de Secretaría no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 paragrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei. Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a decir de obrigado cumprimento para todos as Administracions Publicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa mais adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calqueira caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e capacidade e que o artigo 61 paragrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xursiprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007).

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, postura que non obstante podería estar matizada pola Lei 4/88 de Función Pública de Galicia.

6ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal (Disposición Adicional Segunda do RD 896/91) considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, esto é principios de igualdade, mérito e capacidade.

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección para operario de instalacións deportivas.

Consta informe de Intervención no que fan as seguintes consideracións:

“Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2008 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 452.131.00 (Operario Instalaciones Deportivas), existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto de contratación.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación suficiente en el presupuesto municipal vigente.”

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda a aprobación das Bases da Provisión dunha praza de operario de Instalacións Deportivas polo sistema de concurso.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 26 de maio de 2008, pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de Apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo nos Concellos de Galicia para o ano 2008, acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

“Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CONGALLE S.L., servicio de recollida de lixo, mes de xaneiro 2008, por importe de 7.054,47 euros.

Segundo.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

XUNTA DE GALICIA , aboamento do 30% do prezo de licitación do vehículo cedido pola Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza (Ssanyong Action), por importe de 9.073 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO